

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

RESOLUCIÓN do 14 de outubro de 2021, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se resolve a concesión de oito bolsas de excelencia para a mocidade do exterior (BEME), co fin de cursar estudos de máster que se inicien no curso 2021/22 nunha universidade galega, a partir da lista de persoas suplentes.

Por Resolución do 13 de xaneiro de 2021, da Secretaría Xeral da Emigración, aprobáronse as bases reguladoras e procedeuse á convocatoria de 200 bolsas de excelencia para a mocidade do exterior (BEME), co fin de cursar estudos de máster que se inicien no curso 2021/22 nunha universidade galega (DOG número 22, do 3 de febreiro).

Por Resolución do 30 de agosto de 2021, da Secretaría Xeral da Emigración, resolveuse a dita convocatoria das bolsas de excelencia para a mocidade do exterior, concedendo a bolsa a un total de 200 persoas (DOG número 173, do 8 de setembro), que se relacionan no anexo I da desta resolución.

No artigo 2 desa Resolución do 30 de agosto de 2021, establécese unha lista de oito persoas suplentes que se relacionan no anexo II, formada por aquelas persoas que acreditaron estar matriculadas nun máster e non foron adxudicatarias da bolsa, ordenadas segundo a puntuación outorgada, para cubrir as renuncias ou as baixas que poidan producirse dalgunha persoa adxudicataria da bolsa.

As oito persoas que constan a continuación figuran como persoas beneficiarias no anexo I da Resolución do 30 de agosto de 2021 e presentaron escritos de renuncia á bolsa concedida, a través do formulario electrónico normalizado accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia:

Apelidos	Nome	DNI pasaporte	Máster	Univ.	Créditos	Anualidade 2021	Anualidade 2022	Importe total
Barbero Díaz	Natalia Yanina	***9239**	Psicoloxía	USC	90	5.000 €	5.500 €	10.500 €
Ciarlo González	Camila Lucía	*****9980	Xornalismo e Comunicación: Novas Tendencias en Produción, Xestión e Difusión do Coñecemento	USC	60	5.000 €	2.650 €	7.650 €
Doce Córdoba	Mariano Damian	*****7935	Energías Renovables, Cambio Climático e Desenvolvemento	USC	90	5.000 €	6.475 €	11.475 €



Apelidos	Nome	DNI pasaporte	Máster	Univ.	Créditos	Anualidade 2021	Anualidade 2022	Importe total
Fernández-Arjona Berchansky	Gabriel Alfredo	*****5937	Dereito Dixital e da Intelixencia Artificial	UDC	60	5.000 €	2.650 €	7.650 €
Guimerans Sanjorge	Pablo Luciano	***1997**	Desenvolvemento Económico e Innovación	USC	60	5.000 €	2.650 €	7.650 €
Pardo Álvarez	Álvaro	***5859**	Computación de Altas Prestacións-High Performance Computing	USC	60	5.000 €	2.000 €	7.000 €
Rodríguez Gimenez	Paula Belén	*****7737	Dirección de Empresas	USC	60	5.000 €	2.650 €	7.650 €
Satriano Rey	Nicolás	*****1854	Xornalismo e Comunicación: Novas Tendencias en Producción, Xestión e Difusión do Coñecemento	USC	60	5.000 €	2.650 €	7.650 €

De conformidade co disposto nos artigos 11 e 16 da Resolución do 13 de xaneiro de 2021, a Subdirección Xeral do Retorno como órgano instrutor do procedemento, unha vez recibidas as renuncias ás bolsas concedidas polas persoas antes referenciadas, á vista da lista de persoas suplentes, e unha vez verificada a aceptación das bolsas segundo a orde de puntuación, formulou a correspondente proposta de resolución para a concesión das bolsas ás oito persoas da lista de suplentes que aceptaron a bolsa ofertada.

Vista a lista de suplentes e verificada a súa aceptación da adxudicación das bolsas e tamén á vista da proposta da resolución da Subdirección Xeral do Retorno, e de conformidade co establecido na resolución da convocatoria,

RESOLVO:

Artigo 1

Conceder as bolsas ás oito persoas da lista de suplentes que aceptaron a bolsa e que se relacionan no anexo I desta resolución para cursar os másters que se sinalan na correspondente universidade galega e polo importe que se indica.

O pagamento da bolsa realizarase na conta bancaria indicada pola persoa beneficiaria nos prazos establecidos e unha vez presentada a documentación xustificativa segundo o establecido no artigo 20 da resolución da convocatoria.

Artigo 2

As persoas beneficiarias destas bolsas están obrigadas ao cumprimento do establecido no artigo 21 da resolución da convocatoria. Os incumprimentos das ditas obrigacións



poderán dar lugar ao reintegro parcial ou total nos termos recollidos no artigo 22 da dita resolución.

Contra esta resolución cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2021

Antonio Rodríguez Miranda
Secretario xeral da Emigración





ANEXO I

Nº	Apellidos	Nome	DNI pasaporte	País de procedencia	Máster	Universidade	Créditos	Anualidade 2021	Anualidade 2022	Importe total
1	Martínez Paisa	Tomas	****6142**	Arxentina	Dirección Integrada de Proxectos (dúas especialidades: Sistemas de Información/Ocio e Deporte)	UVigo	60	5.000 €	2.650 €	7.650 €
2	Alonso Ramos	Viviana Claudia	*****9127	Uruguai	Xestión do Desenvolvemento Sostible	UVigo	60	5.000 €	2.650 €	7.650 €
3	Domínguez Juárez	Micaela	*****0151	Arxentina	Finanzas	UVigo	60	5.000 €	2.650 €	7.650 €
4	Hernández García	Carlos Arturo	*****9251	Cuba	Dirección de Empresas	USC	60	5.000 €	2.650 €	7.650 €
5	Brook González	Mariana	*****1228	Italia	Dirección de Empresas	USC	60	5.000 €	2.000 €	7.000 €
6	Vidal Bórquez	Gonzalo	***0502**	Chile	Rehabilitación Arquitectónica	UDC	60	5.000 €	2.650 €	7.650 €
7	Corral Ferro	María Belen	*****3419	Venezuela	Dirección de Pemes (Pequenas e Medianas Empresas)	UVigo	60	5.000 €	2.650 €	7.650 €
8	Aramayo Parato	Rodrigo	*****1593	Arxentina	Investigación Química e Química Industrial	USC	60	5.000 €	2.650 €	7.650 €

